


¿Sabías que...

- No lugar de Bar de Abaixo foi descuberto en 1839 un manancial de augas ferruginosas? Tras seren analizadas polo Dr. Antonio Casares en 1840, as augas acadaron sona e mesmo se barallaron varios proxectos para instalar un pequeno espazo termal.
- Algunhas fontes históricas están hoxe agochadas baixo as rúas? A ampliación do espazo urbano e o desuso fixo desaparecer a fonte da praza de Mazarelos ou a do Burro no Hórreo.
- Na actual Acibecharía houbo noutro tempo unha fermosa fonte para servir a veciñanza e peregrinos? A Fonte do Paraíso foi construída no século XII e era unha das marabillas da cidade; contan que era tan grande que nela podían bañarse 15 persoas de vez.
- A fonte do Sequelo estaba considerada no século XVI como unha das principais da cidade? Tiña 3 canos e un *chafarís* y *alberca* que servía para dar de beber ás cabalerías e encher con rapidez os baldes en caso de incendio.



Proxecto da fonte do Burro, 1852.

O campo e a cidade

Distintas veciñanzas teñen distintas necesidades. Na cidade a prioridade é a auga para beber, cocinar ou limpar, xa que o lavado da roupa ou o refresco dos animais encoméndase a serventes ou profesionais. Pola contra, nos barrios e nas aldeas todas estas tarefas recaen en familias nas que todos traballan para sobrevivir. Os ríos son o lugar onde ir lavar e están ateigados nos barrios próximos á cidade, onde viven e traballan as lavadeiras. No rural hai que ir á fonte a coller auga, ao río a lavar ou a unha poza a refrescar o gando, consumindo tempo e recursos. A construción de lavadoiros e fontes foi unha prioridade dos gobernos municipais do século XIX e, sobre todo, das alcaldías republicanas. Foron instalándose alí onde eran máis necesarios, nos barrios das lavadeiras e das familias traballadoras e, pouco a pouco, nas parroquias do rural.



Praza de Cervantes.

Fontes con historia

A auga é consubstancial á vida: a construción dos edificios, a hixiene, a alimentación e moitas tarefas e profesións precisan auga.

En Santiago só uns poucos dispoñían dunha subministración propia: aqueles que tiñan un pozo ou os que conseguiran unha cota das augas que rebordaban das fontes ou que viñan pola traída da Fonte Branca. Xa que logo, só os máis ricos e as grandes institucións contaban cunha fonte para uso privado.

O crecemento da cidade trouxo unha enorme presión sobre o sistema de abastecemento: as ringleiras nas fontes medraban, o mantemento dos canos e conducións era un pesadelo, os barrios pedían fontes máis próximas, medraban as tomas ilegais, etc. Estas penurias limitaban a vida e o desenvolvemento da cidade e das súas xentes. Como en todas partes.


A introdución das conducións de ferro na traída trouxo estabilidade ao sistema e alongou a súa vida ata a modernización de 1922. A cidade devecía pola moderna subministración, pero esta supuxo a fin do vello oficio das augadoras e da razón de ser das propias fontes que pasaron a ser un ornamento no espazo urbano. Mudou radicalmente a súa función e tamén a forma na que nós as percibimos.



Proxectos para a fonte da Universidade, 1804.

Un xogo de equilíbrios

Cada fonte é un pequeno prodixio no que pouco lugar queda para a improvisación. Se é un manancial, hai que sanealo e escavar e selar a canle, o que pode desprazar a localización inicial da fonte; así pasou, por exemplo, na Rapa da Folla e en moitas fontes do rural. Se a subministración é da traída, hai que ver a distancia desde a arqueta, verificar a ruta da condución, avaliar os custes e acometer a obra; así, a complexidade e o prezo privaron os veciños do sur da cidade dunha fonte próxima, que non acadaron ata que o arcebispo San Clemente construíu o seu colexio. Se a fonte vai estar nunha rúa, haberá que situala nun lado e mellor contra a parede para evitar problemas coas augas que rebordan e as sellas agardando quenda; sobre estas premisas executouse o traslado da fonte da Rúa de San Pedro ata o Campo do Forno.



Proxecto de fonte en Sar, 1931.

A auga que vén e a auga que nace

As fontes da cidade tiñan dúas orixes ben diferentes. Unhas eran abastecidas polos mananciais de Vite e tiñan o seu punto de distribución na arqueta da fonte de San Miguel; de alí saían as conducións soterradas que levaban ata os distintos canos. A fonte do Matadoiro, a da Porta do Camiño, a da Serea na Virxe da Cerca, a de San Frutuoso ou a da Costa Vella nacen nos mesmos lugares onde se atopan. Ademais destas fontes oficiais había outras de orixe diversa: mananciais nas hortas privadas, pozos nas casas (como o do edificio da Fundación Caixa Galicia) ou, mesmo, enganches ilegais que cunha cana desviaban augas da traída.

Todo esforzo era pouco para achegar a auga.




Fonte do xardín do asilo de Carretas.

Os mestres

As obras sonlles encomendadas a un mestre canteiro. Estes enxeñeiros anónimos calculaban coidadosamente o diámetro e lonxitude das canles e canos ou a gradación das pendentes de xeito que a auga saíse abundante, estable e coa presión axeitada para non rebordar e inundar a contorna. Tamén había que verificar a correcta aliñación dos canos cos ferros que soportan as selas, os diámetros dos enganches permitidos ou as canles que derivaban as augas sobrantas. A auga non debía perderse e poñíase moito interese nese empeño.

As acometidas das grandes institucións, así como as súas fontes, eran obra dos mellores mestres, que as concibían como parte do seu proxecto arquitectónico. Eles supervisaban as obras e elaboraban fermosos deseños, como o que Fernando de Casas e Novoa ideou para San Martiño Pinario.



Proxecto da fonte do Espiritu Santo, 1883-87.

Unha comodidade algo incómoda

Ter unha fonte ao pé da casa facilitaba a vida e, desde logo, aumentaba as posibilidades de superar un pequeno incendio. Por outra banda, como punto de encontro da veciñanza, as xentes que vivían preto da fonte estaban, sen dúbida ningunha, ben informadas do que sucedía na cidade.

Pero preto das fontes adoitaban instalarse negocios que consumían intensivamente auga e que non sempre eran agradables-como ferreiros, fornos e, mesmo nalgunha zona, pilos de curtir coiros-; na rúa había un constante balbordo de xente, mulleres e nenas agardando a quenda mentres falaban, cantaban ou, ás veces, pelexaban e, sempre de fondo, o son de sellas e caldeiras.

Os invernos eran un auténtico pesadelo: fochancas no piso, placas de xeo, *avenidas* que facían intransitables as rúas e asolagaban baixos... Os arredores das fontes eran un lugar perigoso naquelas noites que non tiñan farois.



Fonte da calzada de Sar.

As fontes viaxeiras

A remodelación de espazos urbanos, a perda de utilidade e os escasos recursos do concello fan habitual a reutilización de materiais ou o traslado total ou parcial mesmo dunha fonte enteira. Así, as lousas procedentes dunha rúa que acaba de arraxarse son un bo punto de partida para a fronte ou pía dunha fonte. E unha bonita peza traída de algures servía para realzar un espazo novo ou para responder a longas peticións veciñais.

Deste xeito, a fonte que había na praza de Mazarelos foi desarmada, estivo almacenada varios anos, case foi á Praza de Fonseca e acabou na Praza de San Roque. A fermosa fábrica de mármore que abastecía o antigo edificio do mercado de abastos pasou ao Paseo Central da Alameda e, logo, ao Xardín das Palmeiras. Máis asombroso resulta o traslado da vella fonte da horta do convento do Carme de Arriba á Praza de Fonseca en 1964, previo almacenamento durante décadas nunha finca de Rosalía de Castro. A máis viaxeira sen dúbida é a fonte promovida polo arcebispo San Clemente en 1608. Estaba diante do Colexio, pasou ao Campo da Estrela nun arranxo da Alameda e acabou décadas despois moi preto do punto de partida.

E parece que levan toda a vida alí!

Praterías (1)

Este soberbio grupo escultórico que acadou a súa forma actual no século XIX representa a cidade, que se alza apoiada na firme roca que é a fe. Non obstante, houbo aquí fontes desde os tempos medievais, alimentadas pola traída e por conducións que pasaban por debaixo da catedral. A primeira reforma para darlle unha forma ornamental e monumental estivo a cargo de Domingo de Andrade (1705). Era un elemento sinalado dun cobizoso proxecto urbanístico que buscaba relanzar as peregrinacións e dar á cidade unha maxestade acorde coa súa historia e preeminencia; aquel tempo deixounos esta praza, o Obradoiro e moitos dos nosos edificios máis senlleiros. Naceu daquela a Compostela monumental que hoxe coñecemos.




Fonte de San Mauro na Angustia (2)

Está situada no extremo da cidade medieval, onde os camiños se bifurcaban e se situaba o cemiterio dos axustizados. Alí, ao carón da Cruz do Home Santo, en 1465, e movido por unha visión, Cristovo Francés fixo construír a capela na honra da Virxe que pronto acolleu a confraría da Nosa Señora da Angustia. Na súa festa e durante a procesión tiña lugar o baile dos petos, no que rivalizaban parellas de mozos e mozas: camiñaban diante da imaxe da Virxe facendo voar dun lado a outro da rúa petos de barro, competindo por amosar a súa forza ao eleválos ao ceo e a súa pericia e graza á hora de recollelos, sempre sen deixalos caer e sen mancar o público.



Fonte do Matadoiro (3)

É unha das máis antigas da cidade e nace nese mesmo punto; é tamén das de maior sona, fornecendo unha auga excepcional, fresca no verán e morna no inverno. As augas que rebordan enriquecéense coas dos mananciais e regatos procedentes da Almáciga para dar lugar ao Rego das Tripeiras, hoxe do Cancelón, que serviu de acomodo ás hortas, lavandeiras e píos para curtir coiros que estiveron próximos á fonte ata o século XVII. A dispoñibilidade de auga atraeu tamén os alpendres dos ferreiros, que foron trasladados no século XIX cara ao cruceiro de San Pedro e ás Fraguas, e os fornos -como os da Tafona- que foran expulsados da cidade no século XVI.



Campo da Rapa da Folla (4)

A veciñanza do primeiro Ensanche comezou a solicitar a construción desta fonte en 1840 e loitou durante décadas por esta infraestrutura. O ritmo das peticións veciñais segue, en certo modo, o do crecemento do barrio e da cidade, volvéndose contra 1880 angustioso: devecían por non ter que facer as camiñadas e agardas, baixo o sol e a choiva, a San Clemente, á Fonte de San Antonio ou mesmo a Cornes. O que ao principio eran unhas cañiñas coas súas hortas, estiradas ao longo dos camiños de Conxo e Ramírez convertérase nun arrabalde urbano con vivendas, obradoiros, fábricas, fondas e algúns locais de dubidosa reputación. Malia que a obra era difícil -o manancial era cativo- a forza do crecemento urbano fixoa indispensable. A cidade medraba e os novos barrios precisaban de auga.



Proxecto da fonte da Rapa da folla, 1899.



A Selva Negra (5)

O misterio, as lendas e unha natureza vizosa fan desta fraga un lugar singular, tanto, que hai séculos que aqueles carballos acollen os xogos, bailes e paseos dos composteláns. Este espazo salvaxe conxuga os tres elementos identificativos do xardín galego: pedra, auga e verde. Son eles os protagonistas das hortas urbanas dos tempos medievais, dos xardíns barrocos como a horta do deán no Val de Vite ou a do Chantre en Belvís, dos espazos claustrais ou mesmo dos pazos urbanos, como o de Amarante e moitos outros que hoxe sobreviven agochados nas traseiras de moitas rúas da cidade vella. Aquí, a fonte é para o servizo da casa pero tamén cumpre a función ornamental e propiciadora deses xogos de son e luz que elevan o espírito.

A Alameda (6)

Os xardíns urbanos son unha novidade do século XIX; ofrecían espazos de lecer e sociabilidade, achegar á cidadanía a natureza na que xa non vivía. Compostela traballa na construción e mellora deste singular espazo desde principios do século XIX; pouco a pouco a natureza é domesticada e enriquecida con arranxos e especies exóticas.

A súa historia é a dun esforzo titánico, pola constante precariedade das arcas municipais e polas dificultades que xeracións de xardineiros afrontaron á hora de manter o verdor nos días de verán.

Así, as fontes que hoxe consideramos inherentes a este conxunto só chegaron cando houbo unha subministración estable de auga. Entón acadaron en lugares coma este un protagonismo insólito xogando a baza dos valores puramente ornamentais e paisaxísticos; tanto, que hoxe non concibimos os nosos parques e prazas sen elas.

Fonte e lavadoiro de Cornes (7)

Os Campos de San Xosé e de Vilanova (hoxe desaparecidos) e o lugar de Cornes acadaron coa chegada do ferrocarril un desenvolvemento insólito e conformaron unha pequena vila.

Esta nova poboación precisaba auga tanto para beber como para lavar e contra 1905 a vella poza, que se nutría das augas que viñan do manancial dos Ágros de Ramírez (na contorna actual da Praza Roxa), resultaba insuficiente para as moitas mulleres que lavaban para a súa familia ou a xornal.

Para este lavadoiro o concello de Conxo barallou dous proxectos diferentes e acabou primando a necesidade e sacrificando a beleza en beneficio da utilidade: canto máis grande, mellor, xa que menos mulleres terían que baixar ata o río Sar.

